

Comunicado nº 050/19

1 de Abril de 2019

ACLARACIÓN Ó BULO PUBLICADO NAS REDES SOCIAIS, E NOTA DE PRENSA-STAROIL:

Ante as afirmacións tendenciosas, faltas de rigor, que non se axustan á realidade das negociacións entre “Staroil Tarjeta de Transporte, S.L.” e a Federación Galega de Automobilismo, a Asesoría Xurídica informa:

- Entre ambas entidades iniciáronse, o 3 de Xaneiro de 2019, negociacións onde fixeron o primeiro borrador de contrato dunhas posibles cesións de imaxes dos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2019.

- En reunión posterior asistiron ambos representantes, de Staroil e da F.G. de A., asistidos polos seus Letrados Asesores.

- En dita reunión Don Pablo Val Rodríguez, Director de Operacións de Staroil, engadiu ás negociacións do seu interés de que a CIA Staroil se fixera cos dereitos de imaxe dos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2019.

- A intención manifestada por Don Pablo Val Rodríguez, ante testemuñas, era a de facerse cos dereitos e poder mercantilizalos á Televisión de Galicia e outros medios, a poder ser con exclusividade.

- O 18 de Marzo redactouse un segundo borrador de cesión de imaxes, sen exclusividade, cun abono de 9.000 euros que serían para amplialos premios en metálico da Copa Iniciación Recalvi 2019.

- O contrato estaba redactado nos termos pactado por ambas partes na reunión previa, e ete eiqui que o pasado venres, 29 de marzo de 2019, o Letrado Asesor de Staroil envía correo a Letrada Asesora da F.G. de A. no que poñía como condición insalvable a ampliación da cláusula primeira, unilateralmente, co seguinte texto:

“La F.G. de A. cede a STAROIL los derechos para la instalación, grabación y publicación de imágenes de CAMARAS “ON BOARD” instaladas en el interior y exterior de los vehículos participantes. STAROIL y la F.G. de A. establecerán unas normas básicas de seguridad para la colocación de las cámaras, sujeciones de las mismas y normativa de publicación o comercialización de las imágenes obtenidas.”

- Ante tal imposición da CIA Staroil, do seu Avogado, ou do seu Director de Operacións, a Federación Galega de Automobilismo opúxose por intrusiva, por non axustarse a dereito, por intentar que tódalas publicacións levarán a mosca de Staroil, e o máis importante que os dereitos das cámaras “on board” son compartidos polo que se necesitaría dúas autorizacións, a do equipo participante e o da F.G. de A.

- A F.G. de A. lamenta a saída de tono, falta de talante negociador, e as malas maneiras de intentar manipular á opinión pública co uso tendencioso e falto de rigor (nota de prensa-Staroil) que non se axusta á realidade, á legalidade vixente, para a cesión de dereitos de imaxe con posibilidade de cedelos a terceiros cun interés pouco claro, escuro, a tenor da negociación manifesta ata a data.

- Por todo o exposto damos por pechado o capítulo de negociación coa “CIA Staroil Tarjeta de Transporte, S.L.” a tódolos efectos.

- **A Federación Galega de Automobilismo reitera que sigue cedendo “gratuitamente” a tódalas páxinas web, incluída a de “Pe a Chapa-Staroil”,** e demais que veñen utilizando imaxes sen ningún tipo de traba administrativa, nin imposición económica, e que divulgan o Automobilismo Deportivo con bo proveito e beneficio para todos.

- **Aclaración Final: Outra cousa é querer revender, con ánimo de lucro económico ou publicitario, á Televisión de Galicia os dereitos de imaxe, e ostentalos en exclusiva.**

- **O Presidente e a Asesora Xurídica da F.G. de A. solicitarán entrevista a Don Alfonso Sánchez Izquierdo, Director do ente C.R.T.V.G. para clarexar calquera intrusión ou mal entendido referente ós dereitos de imaxe, e utilización polo Canle Autonómico.**